



Alegacións presentadas ao texto básico de traballo de constitución da mesa de negociación do PDI da Universidade de Vigo

1.- Dende a AGPTU consideramos que a normativa de constitución da Mesa de Negociación debe ser moi sinxela, incluíndo tan só os apartados necesarios para a súa constitución e funcionamento áxil, deixando outros aspectos para o Regulamento Interno que sexa desenvolvido na propia Mesa.

Polo tanto, propoñemos que se manteñan os Títulos I, II e III do devandito documento, (coas modificacións que se indican a continuación). O Título IV corresponde ser abordado no Regulamento Interno.

2.- Alegacións ao Título II. Constitución e Composición da Mesa

a) Capítulo 1: Membros e Representación:

A composición deste órgano debe acadar a máxima representatividade posible das organizacións sindicais elixidas polo PDI tanto Funcionario como Laboral na Universidade de Vigo. Sobre esta base, propoñemos que:

- A mesa de Negociación sexa única e represente tanto o PDI Funcionario como Laboral da UVIGO.
- Estean presentes tódalas forzas sindicais que obtiveran representación nas correspondentes eleccións para XPDI Funcionario e Comités de Empresa do PDI Laboral.
- A representación de cada forza sindical será exercida por un membro pertencente a cada un dos sectores de persoal, funcionario ou laboral, nos que obtivera representación.
- No caso de votación, o voto dos representantes sindicais será ponderado pola porcentaxe de votos obtidos no correspondente ámbito de representación (EBEP Art. 36.3).

b) Capítulo 2: Obrigações e Dereitos:

- Dereitos, punto c: “Recibir a información necesaria para executar as súas funcións e a que os sindicatos requiran. Con carácter ordinario cun prazo mínimo de 10 días hábiles e extraordinario cun mínimo de 4 días hábiles.

3.- Alegacións ao Título III: Órganos

Eliminar á mención expresa das Comisións neste apartado, sen detrimento de que o Pleno decida empregarlas para traballar algúns temas concretos nos que se considere oportuno.

c) Capítulo 1: Presidencia da Mesa.

- Engadir: h. Custodiar os libros de actas.

d) Capítulo 2: Secretaría da Mesa.

- Eliminar puntos a, b e d:

- Incluír: a) levantar as actas correspondentes a cada sesión
b) Adxuntar ás actas de sesión os documentos aportados polos membros do Pleno cando así o soliciten.

e) *Capítulo 4: Comisións.*

Eliminar todo o capítulo.

3.- Alegacións Xerais: Redacción

- Título I a): Modificar “evacuar informes” por “realizar informes”
- Título II. Capítulo 2, a): Substituír “guardando el debido sigilo” por “confidencialidade”